
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Acondicionamento da estrada LU-170 Parga (N-VI)-Cabreiros (LU-861). Treito: Momán-AG-64 en Cabreiros, no municipio de Xermade (clave: LU/08/073.01).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos da antiga estrada C-642, hoxe en día, AC-862 nos lugares dos Covos e Liñares, a prol do Concello de Neda.
- Decreto polo que se aproba definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.
- Decreto polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, o barrio de Ferrol Vello en Ferrol (A Coruña).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para establecer un anticipo de ata o 90% dos importes da subvención na orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións das liñas en concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva destinadas aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón novecentos cincuenta mil euros (1.950.000,00 €) a Tablicia, S.A. (expediente nº AV/0685).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Departamento de Saúde e Consumo do Goberno de Aragón, a Consellería de Sanidade da Xunta e o Servizo Galego de Saúde para a cesión da aplicación SAGA (Sistema de Xestión de Información do Sistema Acreditador de Formación Continuada da Comunidade Autónoma de Galicia).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta e pagamentos anticipados, en porcentaxe superior á recollida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, e se autoriza a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. (Importe: dez millóns oitocentos cincuenta mil euros -10.850.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, para a execución do proxecto de recuperación da ría de Ferrol (bancos submareais), por importe total de dous millóns douscentos cincuenta e oito mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta e nove céntimos (2.258.592,69 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración coas confrarías de pescadores de Barallobre e Ferrol, para a realización do proxecto de

recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé), por importe total de douscentos quince mil oitocentos oitenta e tres euros con trinta e seis céntimos (215.883,36 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a AIE “Lonxa de Campelo”, para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra, por importe de trescentos noventa e catro mil oitocentos noventa e catro euros con oito céntimos (394.894,08 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a impugnación ante o Ministerio de Economía e Facenda do financiamento autonómico de 2011.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o nomeamento dos primeiros facultativos eméritos do Sistema Sanitario Público de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

A XUNTA EXECUTARÁ OS ÚLTIMOS 10 QUILÓMETROS DO EIXE PARGA-CABREIROS PARA MELLORAR AS CONEXIÓNS DA MARIÑA OCCIDENTAL COA AUTOVÍA FERROL-VILALBA E A AUTOVÍA DO NOROESTE

- *O Consello da Xunta inicia o proceso expropiatorio do treito Momán-Cabreiros, no municipio de Xermade*
- *O obxectivo das obras que se executarán neste tramo será mellorar tanto os accesos como as interseccións no treito situado entre a glorieta do Campo da Feira en Momán ata as proximidades do núcleo de Cabreiros, en Lugo*
- *O proxecto inclúe a construción dunha glorieta que conectará a estrada LU-170 co polígono de Xermade*

A Xunta executará as obras de mellora dos últimos 10 quilómetros da estrada Parga-Cabreiros (LU-170) para completar o eixe que mellorará as conexións do norte da provincia de Lugo coa autovía Ferrol- Vilalba e a A-6.


O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o decreto polo que dispón a urxente dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento do tramo Parga - Cabreiros, ao seu paso polo municipio lugués de Xermade.

O obxectivo destas obras será mellorar tanto os accesos e os camiños de servizo como as interseccións no treito situado entre a glorieta do Campo da Feira en Momán ata as proximidades do núcleo de Cabreiros no cal se sitúa a conexión coa autovía Ferrol-Vilalba (AG-64). En concreto, trátase dun treito moi sinuoso, con curvas de raio reducido e pendentes pronunciadas, polo que é necesario tamén mellorar o firme.

Os beneficiarios directos deste proxecto serán os máis de 2.250 veciños do concello lugués de Xermade, así como os cidadáns que utilizan esta vía de conexión entre o norte da provincia, especialmente a Mariña Occidental, coa zona centro.

As obras que se van realizar acometeranse nun tramo de 9,7 quilómetros. Terán como obxectivo mellorar tanto o trazado como o raio das curvas e o reforzo do firme.

Construirase tamén unha glorieta que permitirá modificar a intersección entre a estrada LU-170, o núcleo de Miraz e o polígono empresarial de Xermade. Outras interseccións serán reforzadas por medio de cuñas de cambio de velocidade, modificando os ángulos de saída e entrada. Outra das acometidas será reforzar o firme do último acceso que conecta a estrada con Cabreiros, cunha lonxitude de máis de 500 metros.



Momán-Parga

Cómpre lembrar que o tramo Momán-Parga foi inaugurado polo actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, cando ocupaba a carteira de vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial no ano 2004. A Administración autonómica investiu na posta en servizo dese treito 8,69 millóns de euros.

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DA ESTRADA FERROL- SAN CIBRAO (AC-862), NOS LUGARES DOS COVOS E LIÑARES, A PROL DO CONCELLO DE NEDA

- *Estes intervalos de estrada, que suman 600 metros, transcorren por zonas cunha considerable densidade de vivendas e quedan fóra do trazado principal da estrada, polo que non son necesarios para conformar ningún eixe de articulación territorial*
- *O Concello de Neda, a partir da formalización da entrega, deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade duns treitos da estrada AC-862 (Ferrol-San Cibrao) ao seu paso polo concello coruñés de Neda, concretamente nos lugares dos Covos e Liñares.

Os tramos de estrada solicitados polo municipio coruñés, que suman un total de 600 metros, son restos da antiga estrada C-642, resultantes de corrección do trazado desta nos lugares de Covos e Liñares. A estrada AC-862 pertence á rede primaria básica da Xunta de Galicia e ten unha lonxitude de 69,5 km.

Estes intervalos de estrada transcorren por zonas cunha considerable densidade de vivendas e quedan fóra do trazado principal da estrada, polo que non son necesarios para conformar ningún eixe de articulación territorial, que é o que se exige na rede complementaria, nin para garantir a accesibilidade ao resto de asentamentos da poboación.

O Concello de Neda, a partir da formalización da entrega, deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.


Cesión regulada

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outro lado, a Lei de estradas, no seu artigo 54, establece que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características netamente urbanas, se entregarán aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou Administración titular da estrada

e será resolto polo Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes no que se especifica que as vías adquiren características netamente urbanas, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.



GALICIA XA DISPÓN DUNHAS REGRAS DE XOGO DEFINIDAS PARA A XESTIÓN TERRITORIAL SUSTENTABLE COA APROBACIÓN DEFINITIVA DAS DIRECTRICES DO TERRITORIO E DO PLAN DO LITORAL, QUE CONTAN CO INFORME FAVORABLE DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL

- *A entrada en vigor de ambos os dous documentos producirase coa súa publicación nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) no caso das Directrices, e no DOG no caso do Plan do Litoral*
- *O desenvolvemento sustentable é unha prioridade estratéxica de acción de goberno da Xunta de Galicia, xa que o territorio é a base sobre a cal se debe sustentar o crecemento equilibrado da nosa economía e a nosa calidade de vida*
- *As DOT amosan un modelo territorial para toda Galicia no cal, ademais do ámbito urbano e as infraestruturas, o medio rural ten o protagonismo que merece, como soporte e oportunidade para os distintos usos e actividades e como sinal de identidade de Galicia*
- *O modelo recollido nas Directrices de Ordenación do Territorio será desenvolvido a través dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo*
- *O POL protexe, ordena e mellora o 100% da superficie litoral ademais de establecer os criterios principais e as normas xerais de aplicación que definen un escenario de maior garantía xurídica de cara a un desenvolvemento sustentable do litoral*
- *O POL dita as pautas para facer correctamente os desenvolvementos posibles cunha análise moito máis global, nunca antes feita en Galicia*
- *O documento coloca a nosa Comunidade á vangarda europea en ordenación do territorio, sendo o plan do litoral máis extenso do Arco Atlántico: ordena e protexe máis de 215.000 hectáreas e identifica 441 unidades de paisaxe*
- *Hai que destacar que o POL establece cautelas sobre 727 ámbitos, que supoñen 9.625 hectáreas. Destes, 467 atópanse na liña dos 500 metros*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou hoxe de forma definitiva e mediante decreto os primeiros instrumentos de ordenación territorial con que conta a comunidade galega: as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Trátase de dous documentos fundamentais para acadar unha xestión sustentable do territorio, xa que dotan Galicia por primeira vez das regras de xogo para que tanto as administracións locais como a autonómica, así como os propios cidadáns poidan coñecer o estado do territorio e como levar a cabo as posibles actuacións.

A entrada en vigor de ambos os dous documentos producirase coa súa publicación nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) no caso das Directrices, e no DOG no caso do Plan do Litoral.

Esta aprobación definitiva ten lugar logo da chegada dos informes favorables do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño tanto ás Directrices de Ordenación do Territorio como ao Plan de Ordenación do Litoral.

O desenvolvemento sustentable é unha prioridade estratéxica de acción de goberno da Xunta de Galicia, xa que o territorio é a base sobre a cal se debe sustentar o crecemento equilibrado da nosa economía e a nosa calidade de vida.

No escenario macroeconómico en que nos atopamos, e sendo conscientes desta complexa situación, a Xunta de Galicia aposta por xestionar o territorio con máis eficiencia para acadar o triplo obxectivo de maior calidade de vida, valorización dos recursos e competitividade. A Xunta entende que non basta con protexer prohibindo con carácter xeral, senón que se debe xestionar o territorio para ordenalo e melloralo.


Directrices de Ordenación

As DOT constitúen o primeiro instrumento de ordenación territorial que establece as regras para a implantación dos usos e actividades (servizos, dotacións, actividades produtivas, entre outras) en coherencia coas necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais.

Co ánimo de acadar un punto de encontro no pacto polo territorio, estas directrices foron elaboradas a partir dos traballos dos gobernos anteriores. Co paso dado hoxe no Consello de Goberno da Xunta, péchase un proceso que comezou no ano 1995 coa aprobación no Parlamento da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia.

O traballo de confección das directrices partiu do coñecemento real do territorio galego coa dispersión como característica principal, aspecto que fai necesario un exercicio de coordinación para poder conxugar as 315 vontades municipais coas diferentes políticas sectoriais.

Así, as DOT amosan un modelo territorial para toda Galicia no cal, ademais do ámbito urbano e as infraestruturas, o medio rural ten o protagonismo que merece, como soporte e oportunidade para os distintos usos e actividades e como sinal de identidade de Galicia.



Tramitación parlamentaria

Como resultado da tramitación parlamentaria levada a cabo o 30 de decembro de 2010 incluíronse no documento das DOT as oito emendas aprobadas para o efecto. Estas oito propostas afectaban sete determinacións do epígrafe 3, dedicado ao “Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresarias e das actividades produtivas”. Estas emendas achegaron pequenas puntualizacións e matices positivos referentes sobre todo ao medio rural, incidindo aínda máis na necesidade de potenciar e pór en valor os recursos propios dunha forma diversificada, mellorar a competitividade das actividades rurais e prever e minimizar os posibles efectos sobre o contorno das actuacións no medio rural.

Desenvolvemento e aplicación das DOT

O modelo recollido nas Directrices de Ordenación do Territorio será desenvolvido a través do sistema de “planificación en fervenza” a través dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo. Deste xeito, hai que ter en conta que as DOT constitúen un auténtico documento marco de todos os demais instrumentos de ordenación do territorio (futuros Plans territoriais integrados –como o POL–, plans sectoriais, proxectos sectoriais e plans de ordenación do medio físico) segundo consta na propia Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, así como os de planeamento urbanístico (PXOM e o seu planeamento de desenvolvemento). Estes instrumentos contarán, ademais, coa complementariedade dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe, como son os catálogos e directrices da paisaxe, que a Xunta abordará durante esta lexislatura.

Segundo se recolle nas determinacións, estas directrices serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico, agás aqueles aprobados provisional ou definitivamente no momento da entrada en vigor das DOT.

Plan do Litoral

A aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, pola súa banda, supón un fito histórico na protección efectiva e integral da noso territorio costeiro. O POL protexe, mellora e ordena un ámbito de 215.359 hectáreas, o que equivale ao 7,27% da superficie de Galicia. Deste xeito, o primeiro plan territorial integrado aprobado en Galicia vai moito máis alá dunha prohibición ou permisividade con carácter xeral, xa que fai unha análise exhaustiva do territorio desde un punto de vista ambiental, cultural e ecolóxico co obxectivo de repensar o modelo territorial. Trátase de analizar o territorio, protexer os elementos de valor e poder dotar as administracións locais das regras de xogo para poder levar a cabo un desenvolvemento sustentable.

O POL dita as pautas para facer os desenvolvementos posibles correctamente ao longo dun territorio moito máis amplo e cunha análise moito máis global, nunca antes feita en Galicia. Deste xeito, este documento coloca a nosa Comunidade á vangarda europea en ordenación do territorio, sendo o plan do litoral máis extenso do Arco Atlántico: ordena e protexe máis de 215.000 hectáreas e identifica 441 unidades de paisaxe.

Hai que ter en conta que o Plan de Ordenación do Litoral protexe, ordena e mellora o 100% da superficie litoral ademais de establecer os criterios principais e normas xerais de aplicación que definen un escenario de maior garantía xurídica de cara a un desenvolvemento sustentable do noso litoral.

O modelo do POL baséase na delimitación de tres áreas de protección (área de protección ambiental, mellora ambiental e paisaxística –MAP- e ordenación litoral) ás cales se lles superpoñen outros elementos de protección (corredores, espazos de interese e a rede de espazos naturais de Galicia). Ademais, realizouse un especial esforzo en caracterizar os tipos de asentamentos que nos encontramos no ámbito litoral –cartografáronse máis de 308.000 construcións-, establecendo a forma en que se pode levar a cabo os diferentes desenvolvementos en función da área do POL en que se atopen.

Área de protección	ha	%
Intermareal	10.122	4,7%
Costeira	36.526	17%
MAP	52.002	24,1%
Ordenación	116.708	54,2%
Total	215.359	100%

É importante subliñar que ademais destas proteccións, o POL clarificou o alcance e a aplicación dos usos e elementos para a súa valoración e integración nos desenvolvementos urbanísticos. Esta protección directa dada aos cantís, praias, dunas ou bosques de ribeira supón algo máis do 22% do total da superficie de xestión do ámbito, e pon de manifesto o exhaustivo traballo levado a cabo para que todos os elementos de valor no noso territorio estean protexidos grazas ao POL.

Usos Valor Ecolóxico	ha	%
Chairas intermareais	8.129	3,8%
Marismas	2.072	1,0%
Praias	1.436	0,7%
Dunas	2.138	1,0%
Lagoas e zonas húmidas costeiras	311	0,1%
Cantís	4.197	1,9%
Vexetación costeira	18.821	8,7%
Bosques autóctonos	470	0,2%
Bosques de ribeira	2.648	1,2%
Bosques mixtos	2.488	1,2%
Bosques de recolonización	3.321	1,5%
Outras formacións de carácter húmido	1.773	0,8%
Total xeral	47.804	22,2%

Aplicación

Unha vez que sexa publicado no DOG, o Plan de Ordenación do Litoral entrará en vigor e as súas determinacións serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico, que terá que adaptarse. Hai que recordar que o POL non é aplicable ao solo urbano consolidado e de núcleo rural. O Plan de Ordenación do Litoral establece un grao de compatibilidade dos solos co seu modelo, que determina o desenvolvemento destes.

- **Grao 1:** Son plenamente compatibles , e polo tanto poden desenvolverse
- **Grao 2.** As súas determinacións son adaptables mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no anexo á normativa.
- **Grao 3:** as súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación e/ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de Ordenación do Litoral.
- **Grao 4:** son aqueles solos cuxo réxime urbanístico é de urbanizable non delimitado, que non iniciaran a súa tramitación por tratarse de ámbitos suxeitos a unha necesaria delimitación previa ao seu desenvolvemento. Será no momento da aprobación do correspondente plan de sectorización cando se verificará o cumprimento dos principios, criterios e normas xerais do POL.

Aprobación definitiva					
	Franxa	Compatibilidade	ha	Nº	
Compatible	< 500	G1	522	273	
		G4	26	7	
	Total < 500			549	280
	> 500	G1	588	159	
		G4	190	20	
Total > 500			777	179	
Total compatible			1.326	459	
Establece cautelas	< 500	G2	230	98	
		G3	312	77	
		G4	6.335	292	
	Total < 500			6.878	467
	> 500	G2	154	12	
		G3	7	1	
		G4	2.585	247	
Total > 500			2.747	260	
Total con cautelas			9.625	727	
Total xeral			10.951	1.186	

Á vista dos datos hai que destacar que o POL establece cautelas sobre un total de 727 ámbitos, que supoñen 9.635 hectáreas (case o 88% da superficie dos ámbitos de incidencia). Destes ámbitos, 467 atópanse na liña dos 500 metros, que supoñen un total de 6.888 hectáreas, onde o POL achou que os desenvolvementos planeados

non están acorde cos seus criterios, na liña dos datos obtidos nas anteriores fases do plan.

Aprobación definitiva. Liña 500 metros				
	ha	%	Nº	%
Compatible	549	7,39%	280	37,48%
Con cautelas	6.878	92,61%	467	62,52%
Total xeral	7.427	100%	747	100%

Tanto se analizamos as cifras globais para todo o ámbito, como no que atinxe soamente á franxa dos 500 metros, a protección do POL é notablemente superior (un 10% máis de superficie) á existente antes da súa entrada en vigor, o que sen dúbida é un aspecto realmente valioso para a sustentabilidade e coidado do litoral galego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DO BARRIO DE FERROL VELLO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL NA CATEGORÍA DE CONXUNTO HISTÓRICO

- *A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o decreto polo que se outorga a declaración BIC para o barrio de Ferrol Vello, en recoñecemento á importancia do conxunto como elemento nuclear e orixinario da actual cidade.*
- *Na declaración faise fincapé no mantemento do tecido viario orixinal e do seu parcelario urbano, así como a presenza dunha arquitectura notable e diversa que manifesta a personalidade única da cidade de Ferrol como unha evolución histórica de capital importancia para o conxunto de Galicia.*

O Consello da Xunta aprobou a declaración do barrio de Ferrol Vello como Ben de Interese Cultural na categoría de conxunto histórico. A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o decreto polo que se outorga a declaración BIC para o barrio de Ferrol Vello en recoñecemento á importancia do conxunto como elemento nuclear e orixinario da actual cidade e coa vontade de resaltala como referente do que foi a traxectoria dunha comunidade humana cunha gran proxección de futuro na valorización do seu patrimonio histórico e urbanístico. No decreto delimitábase, ademais, a zona afectada pola declaración no termo municipal de Ferrol.

A declaración de Ferrol Vello como Ben de Interese Cultural recoñece o seu interese artístico e arquitectónico ademais do compoñente histórico que abrangue. Na declaración de Ferrol Vello como conxunto histórico faise fincapé no mantemento do tecido viario orixinal e do seu parcelario urbano, así como a presenza dunha arquitectura notable e diversa que manifesta a personalidade única da cidade de Ferrol como unha evolución histórica de capital importancia para o conxunto de Galicia.

Desde este barrio, inicialmente mariñeiro, foi medrando, por agregación, o urbanismo que hoxe a configura cunha personalidade singular no ámbito territorial galego. Sen el é imposible comprender a evolución histórica dunha vila que, hoxe en día, aínda amosa apreciablemente as diferentes fases do seu percorrido económico, social e institucional ao longo do tempo.

Con esta declaración, Ferrol ve como se completa o número de espazos e bens con valor cultural que contan con este importante recoñecemento por parte da Xunta de Galicia. A aplicación da figura de Ben de Interese Cultural, ao tempo que garante unha protección integral vinculante para todas as administracións, estimula a súa plena recuperación e constitúe un catalizador tanto a nivel de difusión da imaxe da

cidade como de actuacións indispensables para o seu desenvolvemento sustentable e equilibrado.

Historia

Ata mediados do século XVIII, a vila de Ferrol redúcese a pouco máis do que hoxe ocupa Ferrol Vello e presenta unha fasquía de vila galega tipicamente mariñeira, dependente das poderosas casas nobiliarias galegas de Lemos e Andrade desde 1379. A mosá, por aquel entón, unhas características moi similares ás doutras poboacións costeiras do contorno da ría, como Mugar dos ou A Graña. Na cartografía histórica é recoñecible este pequeno núcleo mariñeiro que foi quen de pervivir ao longo do tempo cunha estrutura bastante estable, evolucionando devagar sobre o primitivo vilar primixenio. A finais do século XVIII Ferrol é xa unha cidade con tres núcleos ben diferenciados: Ferrol Vello, Esteiro e A Magdalena, e unhas construcións de carácter naval e militar de grande envergadura.


O Ferrol Vello mantén, como elementos básicos da súa ordenación, a parcelación subsistente orixinaria e o trazado viario que se conforma no seu interior e que coincide co que adoitaba identificar ás vilas mariñeiras. Pódese aínda hoxe albiscar nel a orixe da cidade, a súa razón de ser primeira. Apréciase, ademais, unha curiosa amalgama de edificios que vai desde a vivenda mariñeira con solaina de madeira, a inmobles con beirís, desde casas decimonónicas con galerías e balcón a construcións que se moven entre o máis estrito racionalismo e o máis elegante deseño *art decó*.

Delimitación do ben e da área de respecto

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estableceu unha definición da zona afectada pola declaración concordante coa identificación da antiga vila na súa fisionomía peculiar e trazando unha liña axustada á realidade actual.

Sobre a zona de respecto seguiu-se a mesma opción, co obxectivo de velar por unha axeitada transición con outros núcleos diferenciados así como por unha percepción suficientemente garantida do conxunto declarado. O sentido da zona de respecto cingúese a posibilitar un control sobre novas alturas e volumes que eventualmente poidan alterar esa axeitada transición e, particularmente, a percepción referida.

A delimitación definitiva do BIC e da área de protección detállase no plano adxunto.



O BIC queda definido polas liñas que unen os puntos a-b-c-d-e-f-g-h-i-j-k-l-ll-m-n

Tramo a-b: pártese do punto "a" situado sobre a rúa Rastro no punto máis ao leste do espazo libre que existe entre a beirarrúa da rúa Rastro e o recinto da igrexa e campo de San Francisco, á altura da Alameda do paseo do Túnel, segue desde este punto pola rúa Rastro cara ao sur bordeando o barrio de Argüelles e a praza Vella ata o punto "b" no encontro da rúa Espírito Santo co Paseo da Mariña.

Tramo b-c: treito do Paseo da Mariña que discorre desde a rúa Espírito Santo cara ao norte, deixando ao leste a igrexa do Socorro, ata o cruzamento coa rúa Espartero no cal se sitúa o punto "c", fronte ao soar da fábrica do Lápiz-Hispania.

Tramo c-d: coincide co treito da rúa Espartero que parte desde o punto "c" cara ao leste ata o punto "d" que se sitúa nesta rúa fronte ao linde entre as edificacións nº 56 (predio 12454/30) desta rúa e ao nº 2-4 (finca 12454/31) da rúa Baterías.

Tramo d-e: Dende o punto "d" segue polo linde entre as fincas 12454/30 e 12454/31, e continúa coincidindo coas lindes norte das fincas 12454/30, 12454/29, 12454/28, 12454/25, 12454/24, 12454/23, 12454/22, 12454/21, 12454/20, 12454/19, 12454/18, 12454/17, 12454/16, 12454/15, 12454/14, 12454/13, 12454/12, 12454/11, 12454/10, (todos eles con fronte á rúa Espartero), continúa polo linde leste deste predio e cruza perpendicularmente á rúa Espartero ata a aliñación de en fronte, nesta intersección sitúase o punto "e".

Tramo e-f: coincide coa aliñación sur da rúa Espartero desde o punto "e" cara ao oeste ata o punto de intersección coa liña que marca o límite entre as fincas 13458/42 e 13458/41, onde se sitúa o punto "f".

Tramo f-g: este tramo segue a liña da edificación existente na parcela 13458/41 e a liña da fachada leste das dúas edificacións auxiliares que se acaroan á edificación principal e situadas no patio de quinteiro, ata chegar á parcela 13458/58; é neste punto, coincidente coa esquina sur desta fachada, onde se sitúa o punto "g".

Tramo g-h: coincide co linde norte da parcela 13458/58, continúa polo linde norte da parcela 13458/27 e prolóngase ata ao eixo da rúa da Mercé, onde se sitúa o punto "h".

Tramo h-i: dende o punto "h" a delimitación continua pola rúa da Mercé cara ao sur ata o punto "i" que é o punto de encontro entre a rúa e o linde entre as parcelas 13458/53 e 13458/26.

Tramo i-j: a delimitación atravesa o quinteiro de oeste a leste coincidindo co linde norte das parcelas 13458/26, 13458/25, 13458/24, 13458/23, 13458/22,

13458/21, 13458/20, 13458/19, 13458/18, 13458/17, 13458/16, 13458/15, 13458/10, e seguindo o linde desta última prolóngase ata o eixe da rúa de San Antonio, onde se sitúa o punto "j".

Tramo j-k: dende o punto "j" segue pola rúa San Antonio cara ao norte ata o punto "k" na intersección do eixe desta rúa coa prolongación do linde entre as parcelas 14452/16 e 14452/17.

Tramo k-l: a delimitación atravesa o quinteiro de oeste a leste coincidindo co linde norte das parcelas 14452/16, 14452/14, 14452/13, 14452/12, 14452/11, 14452/27, 14452/08, 14452/07, 14452/26 14452/16, 14452/16, 14452/16, 14452/16, 14452/16, e polo linde oeste e norte da parcela 14452/02, prolóngase esta liña cruzando a rúa da Cruz, ata a aliñación de en fronte, onde está o punto "l".

Tramo l-ll: seguindo a aliñación cara ao sur ata ao límite entre as parcelas 14468/10 e 14468/09, sitúase o punto "ll".

Tramo ll-m: a delimitación continúa atravesando o quinteiro de oeste a leste coincidindo co linde norte das parcelas 14468/09, 14468/07, 14468/06, 14468/05, 14468/04, 14468/03 e 14468/02, prolóngase esta liña cruzando a rúa do Cuco, ata a aliñación de en fronte onde situamos o punto "m".

Tramo m-n: desde o punto "m" continúa a aliñación desta rúa cara ao sur e prolóngase ata o recinto da igrexa e campo de San Francisco. Neste punto de encontro sitúase o punto "n".

Tramo n-a: este tramo bordea o recinto da igrexa e campo de San Francisco ata o punto de encontro coa rúa Rastro, onde está o punto de partida "a".

A área de respecto ou contorno de protección do ben queda definido pola liña que une os puntos 1-2-3-4-5-6-7-8

Tramo 1-2: o punto 1 sitúase sobre o tramo a-b que delimita o BIC e anteriormente definido, na intersección entre este e o eixe da rúa Río Novo, desde este punto o tramo segue, coincidindo co muro de peche do arsenal ata o punto 2.

Tramo 2-3: Desde o punto 2, o trazado continúa perpendicularmente ao anterior, deixando dentro do contorno de protección a praza da Fonte da Fama e seguindo a liña de fachada das edificacións do Arsenal, ata o punto 3 situado no punto de encontro co baluarte.

Tramo 3-4: o trazado comeza coincidindo co recinto murado, e continúa pola beira esquerda da estrada do Porto á Graña/Paseo da Mariña, en dirección noroeste ata o punto 4. Este sitúase ao pasar o xardín da Ranita, que queda fóra da delimitación ao igual que o fondeadoiro de Curuxeiras.

Tramo 4-5: atravesando a estrada cara á batería de San Xoán, o tramo continúa bordeándoa cara ao noroeste ata a confluencia da estrada Alta coa rúa Baluarte; cruza a rúa, segue o linde norte da fábrica do Lápis-Hispania, deixando esta dentro do contorno de protección; continúa cara ao sur pola rúa Baterías ata o cruzamento coa rúa Alonso López; neste cruzamento sitúase o punto 5.

Tramo 5-6: o tramo coincide co eixe da rúa Alonso López, ata a confluencia coa rúa Breogán.

Tramo 6-7: Desde o punto 6, a liña do límite segue cara ao oeste pola rúa Breogán, bordeando o parque da Raíña que queda fóra da delimitación; prosegue pola rúa Espartero e a rúa Emilio Antón cara ao leste ata a intersección coa rúa San Francisco. Neste punto de intersección entre rúas sitúase o punto 7.

Tramo 7-8: Desde o punto 7 a delimitación continúa pola rúa San Francisco e coincidindo co recinto da igrexa e campo de San Francisco, ata o punto de cruzamento entre o perímetro do recinto e a prolongación da aliñación leste da rúa do Cuco, onde se sitúa o punto 8, que coincide co punto "n" da delimitación do BIC.

A XUNTA ADIANTARÁ AOS CONCELLOS ATA UN 90% DAS SUBVENCÍONS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL CORRESPONDENTE AO ANO 2011

- *Esta medida enmárcase nas medidas de apoio económico ás arcas municipais levadas a cabo polo Goberno autonómico*
- *As axudas serán para a realización de actividades destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que regula os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións aos concellos galegos, polo Fondo de Compensación Ambiental (FCA), na cal a principal novidade é que os concellos poderán solicitar o pagamento anticipado de ata o 90% da subvención concedida.

Con esta medida, a Xunta de Galicia continúa fomentando o apoio económico aos concellos galegos nun momento marcado polas dificultades económicas. A asignación do Fondo de Compensación Ambiental para 2011 será de máis de 11 millóns de euros, entre as axudas directas aos concellos e as destinadas á prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

O FCA, que está financiado cos ingresos obtidos do canon eólico, ten como finalidade a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial. Así, consideraranse subvencionables actuacións de recuperación de espazos ambientalmente degradados ou contaminados; proxectos de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de augas; actividades destinadas á prevención de incendios forestais; ou proxectos de eficiencia enerxética, entre outros.

Segundo recolle a orde, convócanse subvencións en réxime de concorrencia competitiva e non competitiva para o ano 2011, para os concellos galegos, destinadas á realización de actuacións de investimento que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego. En concreto, inclúense dúas liñas de axudas diferenciadas.

A primeira das subvencións, de natureza non competitiva, está destinada a aqueles concellos cuxo territorio municipal se atope dentro dunha poligonal de delimitación dun parque eólico, así como polos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación. Pola súa banda, a segunda liña de axudas é de natureza competitiva para todos os concellos de Galicia.

Presentación de solicitudes

As entidades locais que desexen acollerse aos beneficios desta orde presentarán unha solicitude oficial dirixida ao titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na oficina de Rexistro Único e Información, nos rexistros das delegacións territoriais ou por calquera outro medio recollido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todas as entidades locais peticionarias teñen que ter presentadas as súas contas relativas ao exercicio orzamentario 2009 no Consello de Contas de Galicia.

Igualmente, aqueles concellos que colaboren co portal Eido Local poderán presentar as súas solicitudes a través de medios telemáticos no enderezo <http://www.eidolocal.es>. O prazo para facer as solicitudes, impresas ou telemáticas, será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Criterios de avaliación e repartición

Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades en concorrencia competitiva teranse en conta criterios como a necesidade das actuacións solicitadas, a dispersión da poboación, a solicitude para a adquisición de vehículos para a intervención en emerxencias, a presentación dunha programación de dinamización do concello, e a utilización do galego na realización das actividades para as cales se solicita a axuda.

As solicitudes e a súa correspondente documentación serán analizadas por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Administración Local, Norberto Uzal, e da cal formarán parte os delegados territoriais da Xunta de Galicia e o subdirector xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais; este último en calidade de secretario. Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase ao conselleiro de Presidencia, quen resolverá.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA UNHA OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO DE TABLICIA POR IMPORTE DE 3 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE UN AVAL DE 1,95 MILLÓNS

- ***A operación facilitaralle á empresa dispoñer do circulante que precisa para desenvolver o seu plan de viabilidade, que tamén recolle ampliacións de capital***
- ***Con sede social en Nadela, Lugo, a empresa conta cun cadro de persoal integrado por 142 traballadores e da súa actividade dependen outros 85 empregos noutras sociedades do grupo***

A Consellería de Economía e Industria facilitará unha operación de financiamento de circulante para Tablicia, S.A. por importe de 3 millóns de euros mediante a concesión dun aval por importe de 1,95 millóns de euros que autorizou o Consello da Xunta e que se formalizará a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Esta operación de financiamento de circulante está destinada a facilitar o desenvolvemento do plan de viabilidade que está a impulsar a sociedade para refinar a longo prazo pasivos a curto e que prevé ademais, entre outras accións, impulsar ampliacións de capital.

Tablicia, S.A. dispón dun cadro de persoal integrado por 142 traballadores, e da súa actividade industrial dependen outros 85 empregos noutras sociedades do grupo. As actividades de Tablicia, S.A. xeran ademais un considerable emprego indirecto, como consecuencia dos servizos loxísticos e de transporte que require a súa actividade, que supón a mobilización de arredor de 500 trailers mensuais.

O mercado en que opera Tablicia é principalmente o nacional, aínda que está gañando peso o mercado internacional nos últimos anos. Isto débese á contracción da demanda interior que levou a que a sociedade, para evitar reducir o seu equipo laboral, intensificase as súas exportacións a países como Reino Unido, Francia, Bélxica, Italia, Portugal e Grecia, entre outros.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter financiamento para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar a longo prazo os seus pasivos a curto. Durante o pasado ano, a través do Igape, a Consellería de Economía e Industria compartiu riscos con 1.500 empresas mediante operacións para avalar financiamento de circulante.

O SERGAS CEDE AO GOBERNO DE ARAGÓN O SEU SISTEMA DE XESTIÓN DE INFORMACIÓN DO SISTEMA ACREDITADOR DE FORMACIÓN CONTINUADA (SAGA)

- *Este sistema é capaz de aloxar e xestionar toda a información de cada expediente, substituíndo o soporte en papel, e fornécelle maior accesibilidade e transparencia á acreditación de formación continuada*
- *Cederase unha copia a Aragón para que poidan estudar as súas funcionalidades e valorar a súa posible adecuación ás necesidades propias desta comunidade autónoma*

O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta, o Servizo Galego de Saúde e o Departamento de Saúde e Consumo do Goberno de Aragón para a cesión da aplicación SAGA, o sistema de xestión da información do Sistema Acreditador de Formación Continuada da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este sistema ten como fin garantir as múltiples actividades formativas dirixidas aos profesionais sanitarios, consistente na valoración segundo criterios e estándares previamente establecidos.

Cara ao profesional, a formación continuada representa un instrumento para o desenvolvemento profesional, unha protección fronte á desmotivación e o desgaste e unha fonte de satisfacción. Para o paciente, o outro valor fundamental da formación continuada é a capacidade de provocar cambios positivos en quen a recibe para conseguir unha mellora na competencia profesional e, polo tanto, un produto máis axeitado ás novas necesidades, prestando así una mellor asistencia ao cidadán.

Así, coa súa implantación SAGA posibilita a explotación e a análise estruturada e sistemática da información, facilita a avaliación das actividades e permite o seguimento do estado de tramitación do expediente dunha actividade por parte do seu provedor e a comunicación telemática, con manexo integral da documentación en formato dixital durante todo o ciclo de acreditación.

Ademais, este sistema é capaz de aloxar e xestionar toda a información de cada expediente, substituíndo o soporte en papel, e fornécelle maior accesibilidade e transparencia á acreditación de formación continuada.

Segundo o acordo autorizado hoxe polo Consello, permitirase ao Departamento de Saúde e Consumo do Goberno de Aragón o uso da aplicación informática SAGA mediante a cesión dunha copia para que poidan estudar as súas funcionalidades e

valorar a súa posible adecuación ás necesidades propias desta comunidade autónoma.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 11 MILLÓNS DE EUROS Á CREACIÓN E MANTEMENTO DO EMPREGO NOS 112 CENTROS ESPECIAIS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde da Consellería de Traballo e Benestar que regula os programas para a promoción da integración laboral deste colectivo nos centros especiais de emprego de Galicia*
- *A Consellería de Traballo e Benestar prevé que máis de 2.000 persoas se beneficien desta liña de axudas*
- *As entidades beneficiarias poden solicitar o pagamento anticipado do 90 por cento do total da subvención concedida, un 10 por cento máis que o ano pasado*
- *A axuda máxima para os proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade é de 12.000 euros para cada posto de traballo creado con carácter indefinido*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a un investimento de preto de 11 millóns de euros para apoiar a creación e o mantemento do emprego nos 112 centros especiais de emprego que existen en Galicia. A Consellería de Traballo e Benestar prevé que ao redor de 2.050 cidadáns (persoas con discapacidade e persoal traballador nas unidades de apoio) se beneficien desta liña de axudas.

En concreto, o Goberno galego autorizou a orde da Consellería de Traballo e Benestar que establece as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral deste colectivo nestas instalacións. Os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro beneficiarios destas axudas poderán solicitar o pagamento anticipado do 90 por cento do total da subvención concedida, un 10 por cento máis que o ano pasado.

A contía total do orzamento repártese en dous programas diferentes. Por unha banda, a Xunta apoiará os plans de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, que inclúe axudas para apoiar os proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade. O apoio máximo é de 12.000 euros para cada posto de traballo creado con carácter indefinido para persoas traballadoras con discapacidade.

Ademais, este programa conta con subvencións para a adaptación dos seus postos de traballo, para o saneamento financeiro dos centros e o seu equilibrio orzamentario, así como os custos salariais polos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade. En concreto, esta axuda pode acadar ata o 75% do salario mínimo interprofesional correspondente a 12 mensualidades e dúas pagas extraordinarias para aquelas persoas cunha discapacidade severa.

O segundo dos programas que regula esta normativa é o referido ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego. O obxecto do plan é financiar os custos salariais e de Seguridade Social por conta da empresa derivados da contratación indefinida do persoal traballador nas unidades de apoio que acompañan as persoas con discapacidade na actividade profesional dos centros especiais de emprego.

O ano pasado, a Xunta agrupou por primeira vez nunha soa orde os programas que teñen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.

A Consellería de Traballo e Benestar complementará esta orde coas axudas referentes aos programas de incentivos para o fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e ao programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS Á RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS DAS CONFRARÍAS DE FERROL E BARALLOBRE

- *Os acordos asinados coas confrarías de Ferrol e Barallobre teñen por obxecto mellorar as condicións das zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*

Os mariscadores desde embarcación das confrarías de Ferrol e Barallobre beneficiaranse de dous convenios para a recuperación produtiva dos seus bancos marisqueiros. O Consello da Xunta aprobou esta mañá os convenios co obxectivo de continuar traballando pola recuperación produtiva dos bancos de marisqueo a pé e desde embarcación das zonas de produción catalogadas como C. A Xunta destina a estes acordos un total de 2.474.475,9 euros, 2.258.592,69 euros para o de marisqueo desde embarcación e 215.883,36 para o marisqueo a pé.

A sinatura destes convenios realízase porque os controis levados a cabo polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño non evidencian unha mellora na calidade das augas nos vindeiros meses de 2011 no banco marisqueiro somerxido das Pías e nos da praia de Maniños e praia de Barallobre.

As zonas clasificadas como C, como as destas confrarías, impiden a comercialización en fresco do produto, o que dificulta na práctica a realización da actividade normal de marisqueo. De aí que, mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, se asine este tipo de convenios. As accións que inclúen son de limpeza de mexillón e retirada de algas e transporte dos produtos resultantes da limpeza. Tamén recollen o traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento.

Mar persegue, a través destes convenios, contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo autónomo e sostible. O importe destes convenios será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, e o 39% restante corresponde á Administración autonómica.

A súa vixencia é ata o 31 de marzo de 2011, con posibilidade de prórroga, e quedará sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 400.000 EUROS Á RECUPERACIÓN PRODUTIVA DO BANCO MARISQUEIRO DOS PRACERES

- *O acordo asinado coa "AIE Lonxa de Campelo" ten por obxecto mellorar as condicións das zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia do convenio é ata o 31 de marzo de 2011 e quedará sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona como ocorreu no caso do Burgo, na Coruña*

Mariscadores de a pé da lonxa de Campelo, é dicir os das confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán, beneficiaranse dun convenio para a recuperación produtiva dos bancos marisqueiros dos Praceres. O Consello da Xunta aprobou hoxe a súa sinatura entre estas confrarías e a Consellería do Mar, que destina a este acordo 394.894,08 euros co obxectivo de continuar traballando para mellorar a produtividade dos bancos.

A sinatura deste convenio realízase porque as análises do Intecmar non prevén unha mellora da calidade das augas nos vindeiros meses. As zonas clasificadas como C, como o banco dos Praceres, na parte interna da Ría de Pontevedra, e traballada pola "AIE Lonxa de Campelo" impiden a comercialización en fresco do produto. Isto dificulta na práctica a realización da actividade normal de marisqueo, de aí que mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, asine este tipo de convenios. As accións que inclúe son de limpeza e retirada de materiais que dificulten a supervivencia do molusco e o seu traslado desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento.

Mar persegue, a través deste proxecto, contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo autónomo e sostible. O importe deste convenio será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, e o 39% restante corresponde á Administración autonómica.

A súa vixencia é ata o 31 de marzo de 2011, con posibilidade de prórroga, e quedarán sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva.

A XUNTA RECORRERÁ ANTE O TC A LEI DE ORZAMENTOS DO ESTADO SE NON RECIBE ESTE ANO OS 805 MILLÓNS DE EUROS PENDENTES DO FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

- *O Goberno galego instará primeiro a Comisión Bilateral para que o Estado transfira estes importes e cumpra o acordo de financiamento*
- *Os axustes e regularizacións efectuados polo Goberno central sobre o Fondo de Suficiencia provocan un efecto negativo de 400 millóns de euros*
- *Ademais, a suma do Fondo de Cooperación e os anticipos de recursos adicionais completan os restantes 400 millóns de euros*
- *Decisións discrecionais e interpretacións unilaterais reducen máis do 10% os recursos da facenda autonómica*

A Xunta de Galicia recorrerá ante o Tribunal Constitucional (TC) contra a Lei de Orzamentos do Estado se non se lle transfiren este exercicio os 805 millóns de euros que ten pendentes de traspasar correspondentes ao financiamento autonómico, que o Goberno central está a incumprir.

O Executivo autonómico acordou instar primeiro a Comisión Bilateral co Estado para abordar de maneira negociada esta decisión, aínda que, de ser infrutuosa esta medida, acudirá ante o Tribunal Constitucional para defender os lexítimos intereses da comunidade autónoma.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Facenda no cal se constata que as decisións discrecionais do Goberno central en materia económica e as interpretacións unilaterais do sistema de financiamento autonómico reducen en máis de 800 millóns de euros este ano os ingresos que debería recibir a Xunta de Galicia.

En concreto, as revisións e regularizacións efectuadas de oficio polo Ministerio de Economía e Facenda no Fondo de Suficiencia provocan un prexuízo de 400 millóns de euros, como consecuencia dunha diminución de 228,8 millóns de euros pola regularización que mantén o statu quo e de 171,6 pola revisión tras o incremento de tipos impositivos do IVE.

Facenda entende que o Ministerio realizou axustes con base en datos provisionais e non definitivos, tal e como exige a Lei 22/2009, que regula o novo sistema de financiamento autonómico, polo que considera que non procede a súa aplicación.

Ademais, a Xunta cree que é moi lesivo o axuste para garantir o statu quo, cláusula prevista para evitar a perda de recursos ás comunidades autónomas derivada do

tránsito do anterior modelo ao novo, que, non entanto, produce para Galicia o efecto contrario á súa finalidade, que é evitar a diminución de recursos.

En canto ao axuste do IVE, o departamento que dirixe Marta Fernández Currás considera que se fai con base en incrementos de recadación aínda non confirmados.

Por outra banda, a suma do Fondo de Cooperación (242,6 millóns de euros) e os recursos adicionais de 2010 correspondente ao sistema de financiamento autonómico (162,3) completan os restantes algo máis de 400 millóns de euros que debería recibir a Comunidade galega.

Desta maneira, decisións discrecionais e interpretacións unilaterais reducen máis do 10% os recursos da facenda autonómica.

Concepto	Ministerio	Xunta	Diferenza
Statu Quo	-228,81	0	228,81
Axustes IVE	-171,61	0	171,61
Anticipo F. Cooperación 2011	0	242,65	242,65
Anticipo R. Adicionais 2010	0	162,36	162,36
Total Axuste	-400,42	405,01	805,43

Prexuízo
Económico

805 M€
menos

Por todo isto, o Executivo autonómico, na defensa dos lexítimos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia, solicitará a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación co obxecto de poder abordar este asunto e coñecer a postura do Goberno central ante esta petición.

En caso de ser infrutuosa esta vía, a Xunta de Galicia reserva para si a opción de interpoñer un conflito positivo de competencia ante o Tribunal Constitucional.

A XUNTA NOMEA A FERNANDO DIZ-LOIS E A OVIDIO FERNÁNDEZ PRIMEIROS FACULTATIVOS EMÉRITOS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade sobre o nomeamento dos primeiros facultativos eméritos do Sistema Sanitario Público de Galicia. Nel noméanse como tales Fernando Diz-Lois, do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e Ovidio Fernández Álvarez, do Complexo Hospitalario de Ourense.

O nomeamento de persoal emérito permitirá aproveitar a experiencia profesional acumulada durante anos de servizo en institucións sanitarias e que, doutro xeito, chegada a xubilación se perderían. Estes profesionais contan cun patrimonio de coñecemento que pode beneficiar o sistema, se seguen vinculados a este, na realización de plans ou programas que melloren áreas concretas do sistema público de saúde de Galicia e que supoñan un beneficio para todos os galegos.

Neste sentido, a Administración sanitaria ten o deber de contar cos mellores profesionais posibles, pero tamén o de mantelos nel. A través de iniciativas como esta búscase dar todas as facilidades posibles a aqueles que acaden unha alta cualificación na súa actividade profesional e desexen continuar colaborando na mellora da sanidade pública de Galicia.

A súa designación recoñece a singular importancia profesional e humana dos profesionais que coa súa capacidade e dedicación contribuíron ao desenvolvemento da asistencia sanitaria en Galicia e, por extensión, en todo o Sistema Nacional de Saúde.

Así, pódese nomear, sempre con carácter excepcional, persoal emérito entre licenciados sanitarios xubilados que acrediten méritos relevantes na súa traxectoria profesional. O nomeamento ten unha vixencia dun ano, e pódese prorrogar por períodos iguais en función das necesidades do centro sanitario de adscrición, coa conformidade do interesado. O texto establece, así mesmo, que a partir dos 72 anos os eméritos deixan de estar vinculados a un centro sanitario, e que mantén a súa condición unicamente con carácter honorífico.

Considéranse méritos para ser nomeado o labor desempeñado no ámbito asistencial, docente e de investigación; o deseño, asesoría, dirección, coordinación e participación en iniciativas que contribúan a mellorar as prestacións do Sergas; o desempeño de cargos de responsabilidade; as estancias en institucións sanitarias,

científicas ou académicas estranxeiras que repercutisen favorablemente no sistema sanitario público galego e, no caso de investigadores, posuír o grao de doutor.

O persoal emérito poderá desempeñar –conforme un proxecto técnico presentado no propio procedemento do seu nomeamento como tal- labores de asesoramento e formación no ámbito da súa especialidade; de deseño de programas e propostas de mellora de capacidades docentes, investigadoras e asistenciais; de programas de calidade en relación coa coordinación de niveis asistenciais; e de programas de integración institucional e de relación comunitaria e cidadá.

Traxectoria profesional dos nomeados

Fernando Diz-Lois realizou os seus estudos de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade Complutense de Madrid, e posteriormente ampliounos con cursos na Universidade de Pensilvania, en EEUU. Desenvolveu a maior parte da súa carreira profesional no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, onde exerceu como xefe do Servizo de Medicina Interna e como director médico, ademais de participar en diversas comisións.

Membro de sociedades científicas como a Sociedade Española de Medicina de Familia, a American Medical Association e as sociedades Española e Europea de Medicina Interna, desenvolveu, tamén, labores docentes e recibiu, entre outros premios, a Medalla ao Mérito Sanitario e a Medalla de ouro do Colexio Médico da Coruña.

Pola súa banda, Ovidio Fernández é licenciado pola Universidade de Santiago de Compostela e desenvolveu a súa carreira profesional no complexo hospitalario ourensán, no eido da Medicina Interna. O seu labor docente inclúe a coordinación e dirección de actividades tanto de pregao como de formación de especialistas.

Ademais, exerceu como investigador en distintos estudos multicéntricos –entre os que destaca o Estudo Catro Provincias sobre factores de risco cardiovascular en nenos- e é membro de diversas sociedades científicas, como a Sociedade Galega de Medicina Interna, a Academia Médico Cirúrxica de Ourense ou o Colexio Oficial de Médicos de Ourense, das cales foi presidente.

A XUNTA APOIA AS ASOCIACIÓNS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE GALICIA CUNHA LIÑA DE AXUDAS DE 200.000 EUROS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que establece as condicións para optar a estas subvencións coas que a Xunta sufragará, entre outros, gastos de persoal e a implantación de proxectos ou programas de promoción de emprego autónomo***
- ***A convocatoria das axudas sairá publicada no Diario Oficial de Galicia mañá, polo que os colectivos poderán presentar as súas solicitudes a partir do sábado***

A Xunta destinará este ano un orzamento de 200.000 euros para apoiar o funcionamento das asociacións de traballadores autónomos de Galicia. O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á orde da convocatoria de axudas para sufragar os gastos de organización destas entidades.

A estas subvencións da Consellería de Traballo e Benestar poderán optar as entidades de carácter intersectorial que teñan o seu ámbito de actuación só na Comunidade Autónoma. Ademais, as asociacións deberán ter personalidade xurídica propia e independente e estar legalmente constituídas, así como estar inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos de Galicia e contar cunha sede permanente en Galicia.

O obxecto destas axudas é sufragar, entre outras actuacións, gastos de persoal, arrendamentos de locais e o desenvolvemento por parte das entidades de actividades de formación, elaboración de estudos ou implantación de proxectos e programas de promoción do emprego autónomo.

Esta orde estableceu o ano pasado por primeira vez na Comunidade Autónoma axudas para o financiamento de gastos xerais de funcionamento, infraestrutura e mantemento das entidades asociativas de traballadores autónomos para que poidan desenvolver de forma eficaz o cumprimento da súa finalidade.

A Consellería de Traballo e Benestar financiará como máximo o 80 por cento dos gastos subvencionables a través desta orde. Ademais, a contía máxima non poderá exceder a cantidade de 40.000 euros por entidade beneficiaria.

As asociacións interesadas en optar a estas axudas poderán presentar a súa solicitude a partir do próximo sábado, xa que a orde sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A iniciativa do departamento autonómico responde á aposta do Goberno galego polo autoemprego e supón un apoio ao papel que desempeñan estas entidades tanto no ámbito da actividade social como no sistema produtivo galego.